

O ENCONTRO DE ESCRITORES NOVOS CÉNTRASE ESTE ANO NA SITUACIÓN DA FALA, OS PREMIOS LITERARIOS E A POESÍA

# A AELG convoca os autores novos a reflexionar na defensa da lingua

A organización lamenta que a Dirección Xeral de Xuventude retirese a súa axuda de 70.000 euros


A. R.

GALICIA

cultura@xornaldegalicia.com

O V Encontro de Escritores Novos, organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, celebrarase mañá na Coruña coa súa mirada posta na defensa da lingua, nos premios literarios e na poesía. "Habrá unha mesa de debate que analizará a problemática da literatura galega de hoxe ante o seu idioma. Reflexionarase sobre o propio idioma, porque esa é a nosa realidade e a mocidade non é futuro, é presente", explicou Cesáreo Sánchez, presidente da AELG.

A situación da fala tratarase nunha mesa redonda, coordinada por Marta Dacosta, que comezará ás 17.00 horas no Kiosko Alfonso, e nela participarán María Lado, Olalla Tuñas e Xosé Daniel Costas. Pola mañá, ás dez, o primeiro tema a tratar será a relevancia social da poesía. Baixo o lema "Que ten a poesía que ninguén a le pero todos a precisamos?", Oliver Laxe, Celso Fernández Sanmartín e Álvaro Negro discutirán –coordinados por Antía Otero, vicepresidenta da AELG– so-



O escritor Cesáreo Sánchez Iglesias e a concelleira María Xosé Bravo, onte na Coruña

CASTELEIRO

bre a importancia dos versos na vida cultural e social dun país. Dúas horas máis tarde, Olalla Cociña, Lucía Novas e Leticia Costas tratarán o eterno debate de se son necesarios ou non os premios literarios.

Nesta edición, o encontro non contará, por vez primeira, coa colaboración de Xuventude. "A dirección xeral retirou a súa colaboración da AELG, que ascendía a 60.000 ou 70.000 euros, sen explicación ningunha. Pero contamos co apoio da Concellería de Cultura da Coruña. Non vai deixar de celebrarse", lamentou Cesáreo Sánchez. ■

## REFLEXIÓN SOBRE A TRADICIÓN ORAL EN LUGO

Organizadas pola Asociación de Escritores e a Vicepresidencia da Deputación de Lugo, as III Xornadas de Literatura de Tradición oral: Mitoloxía da Morte en Lugo inaugúranse hoxe ás 17.00 horas nun acto no que intervirán Antón Bao, vicepresidente da Deputación de Lugo, e o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez. Despois desta apertura oficial, chegará a

disertación de Marcial Gondar sobre *As narrativas sobre a morte na cultura tradicional galega*. Ás 18.10 será a quenda de Joan Soler que ofrecerá unha charla titulada *Da morte á Morte na cultura popular catalá*. A primeira xornada deste encontro pecharase cunha mesa redonda coa participación de Gondar e Soler e que estará moderada por Antonio Reigosa.